



A CIG-Saúde denuncia que o PP incumpre os seus compromisos ao trasladar a un "comité de expertos" nomeados pola Consellería, as medidas a adoptar sobre a atención primaria, devaluando así o papel do Consello técnico de Atención primaria.

Santiago, a 14 de maio de 2019.

A secretaria nacional de CIG-Saúde, **María Xosé Abuín**, manifestou esta tarde, ao remate da xuntanza do Consello Técnico de Primaria, que hoxe celebraba o seu acto de constitución, o seu **"profundo malestar"** diante das informacións trasladadas polos representantes da consellaría de Sanidade.

"Dixeron que as medidas a adoptar na Atención Primaria van ser as propostas por un grupo de expertos que a consellaría vai nomear á marxe do consello"

, denunciou e asegurou que

"para a CIG-Saúde, ese comité de expertos tería que saír deste Consello"

Abuín subliñou que unhas das competencias deste Consello tería que ser a creación de comisións de traballo con persoas propostas polas organizacións sindicais, os colexios e sociedades científicas e denunciou que o que propón a consellaría **"moito me temo que sexa o de sempre, nomear a persoas afíns para que ao final non cambien as políticas que o PP vén aplicado na sanidade pública e que tan graves consecuencias tiveron"**

Por iso a secretaria nacional de CIG-Saúde considerou que todo apunta a que o PP **"nunca tivo como obxectivo dotar dos medios materiais e humanos á Atención Primaria"**

e considerou unha

"tomadura de pelo"

tanto para as e os profesionais como para as e os usuarios o suposto interese que hai apenas un mes manifestou por sentar a negociar.

"O único que querían era unha campaña electoral tranquila"

, dixo,

"como se demostra do momento no que xa nos presentaron as medidas sen dotar de ningunha competencia para decidir nada a este Comité"

.

Abuín informou ademais de que o plano de primaria **"xa o teñen acordado coas sociedades científicas e cos colexios profesionais e as van a poñer en funcionamento a corto, medio e longo prazo, só imos falar da carteira de enfermería"**

.